



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA

www.steg.gal

A CORUNA R/ Alcalde Asúnsolo 2, oficina 9; 15007 / tfno: 981 154031

SANTIAGO R/ Pitelos , 35 ; local 2. Galerías Viacambre / tfno-fax: 981 580700

LUGO R/ Conde, 31, entrechán esquerda; 27003 / tfno-fax: 982 240066

OURENSE R/ Bedoya nº 5, 2º dereita; 32004 / tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA Praza Curros Enríquez, 1 oficina 201; 36002 / tfno-fax: 986 857545

Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Ourense Mércores, 28 de outubro de 2020

Asisten: STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF e o inspector xefe Jose Fisteos Suengas e a xefa territorial M^a Luz Fernández Quintas.

1. Grao de aplicación do Protocolo COVID 19 na provincia.

Comeza Raquel Tourís, Xefa do Servizo de Recursos Humanos da provincia, informando de que se realizaron probas serolóxicas a todos os docentes que non se negaron. En relación ao profesorado substituto, a dirección dos centros informa á XT da súa incorporación e se lles xestiona a realización da proba.

As organizacións sindicais preguntan polos auxiliares de conversa. O inspector xefe di que son ao redor de 700 no territorio, e que vai con moito retraso a realización das PCR que permite que se incorporen aos centros. Para axilizar dende a XT solicitaron o listado que corresponde á provincia co fin de xestionar que se fagan as probas o máis axiña posible.

Con respecto ao persoal de limpeza solicitado por acumulación de tarefas por algúns centros da provincia, se concedeu a autorización e esta semana procederase á contratación de 17 persoas que se distribuirán en base ao que solicitaron as direccións.

En canto á dotación de material, a XT di que dende a Consellería, na 1^a quincena de novembro, enviarase unha partida presupostaria extraordinaria para os gastos derivados do COVID.

Solicítanse datos sobre incidencia do COVID nos centros educativos. A XT di que se publican todos os días nos xornais. Ela ten que notificarllo á Consellería, e non se lle indicou que tivera que facelo tamén aos sindicatos. Non ten problema en transmitir os datos de maneira puntual, en reunións, pero non ve necesario pasar esta información aos sindicatos, a non ser que llo indiquen expresamente dende a Consellería. En todo caso hoxe nomea a 6 centros da provincia con algunha aula pechada.

Ao respecto da valoración dos docentes que solicitaron a cualificación de persoal especialmente sensíbel, a XT informa de que a Consellería delegou a coordinación do procedemento de vulnerabilidade nunha empresa externa CUANTIS. A día de hoxe aínda non se lle pasaron as solicitudes á empresa, polo que o procedemento está paralizado. Entenden que a partir dunha reunión que teñen hoxe pola tarde coa empresa porase en marcha.

As organizacións sindicais fan fincapé en que pasaron dous meses dende algunha das solicitudes, realizadas o 1 de setembro, e aínda non se lle deu resposta.

2. Adaptacións da xornada laboral de centros educativos sostidos con fondos públicos.

A XT informa de que non se denegou ningunha solicitude de cambio de horario, sempre que se fixera a solicitude seguindo o procedemento fixado.

3. Estado das obras e adaptacións de espazos por cuestións sanitarias.

A XT informa de que se fixeron moitas obras pequenas antes de empezar as clases de adaptación para liberar espazos.

4. Información sobre a actualidade das obras en curso e das programadas.

As que se están acometendo na actualidade son dependentes da Consellería e cre que se están acomodando para interferir o menos posible na vida do centro. Non ten coñecemento de que haxa incidencias reseñables.

5. Convocatoria urxente do Comité de Seguridade e Saúde.

A XT informa de que segundo a presidenta e a secretaria de dito Comité está convocada a reunión para o 4 de novembro.

6. Información do profesorado que se atopa nas seguintes situacións: xubilacións e previsión de vacantes.

O inspector xefe enviou as xubilacións por correo electrónico. En canto as vacantes vai seguir o calendario que se pactou na mesa sectorial: Enviará as propostas de vacantes a semana que ven. Os sindicatos farán as alegacións que consideren ata o 20 de novembro. E faremos unha reunión de negociación de vacantes do 7 ao 11 de decembro.

Recorda que xa está o concurso de Orientación en Primaria: con 2 prazas en Barbadás, 1 en Reiriz e 1 en Lobios. E o concurso de Adultos: 1 praza de inglés e 1 de orientación na EPAPU de Ourense.

7. Situación do profesorado do departamento de orientación do CEE Miño.

A orientadora é compartida entre o CEE Miño e o CEIP A Inmaculada. Recorda CCOO que xa se pedira fai un ano que fóra a tempo completo para o CEE Miño dada a complexidade do centro e a carga de traballo da profesional, e a situación continúa igual ou peor debido a que o CEIP A Inmaculada aumentou o seu alumnado.

O inspector xefe di que non se modificou a situación porque se priorizaron en ambos centros outras necesidades máis urxentes. STEG entende a importancia da atención directa ao alumnado, pero non hai que olvidar a carga de traballo da orientadora deste centro e a importancia que ten a orientación na atención á diversidade.

O inspector xefe expresa a súa intención de reaxustar o catálogo deixando un orientador/a a tempo completo no CEE Miño, e que o CEIP A Inmaculada comparta con outro centro.

8. Adxudicación da praza de deficiencias sensoriais do equipo de orientación específica.

O inspector xefe informa da urxencia de cubrir a citada praza debido a que xa levaba anos sen cubrir e que este curso xubilouse o da praza de orientación profesional quedando o EOE con dous persoas menos. Di que se convocou o concurso fai dous anos e que as persoas que se presentaron non aprobaron o proxecto. Non lle pareceu oportuno chamalas, e que como non había ninguén que o aprobara cubriron esa praza cunha comisión de servicios pola duración do curso escolar.

STEG está dacordo na conveniencia de ocupar a praza e non dubida da profesionalidade da persoa que a ocupa, pero critica a falta de transparencia e pon en dúbida o criterio polo que alguén que nunca fixo un proxecto para ocupar a praza ten máis valía que outros que si o presentaron. Por outra banda tamén critica que non se lle dera publicidade para dar oportunidade a que a xente interesada que reúna as condicións optara á praza, e que tiren de axenda para cubrila.

A XT di que se fai así en máis ocasións. STEG manifesta o seu desacordo nesta forma de actuar neste caso e en todos os que se dean, que se faga non quere dicir que estea ben feito.

9. Rogos e preguntas.

STEG pregunta a propósito dos permisos para o profesorado con fillos e fillas menores a cargo en corentena.

Raquel Tourís, Xefa do Servizo de Recursos Humanos da provincia, di que as xefaturas territoriais provinciais están procedendo do mesmo xeito. Non hai permiso para acompañar aos fillos e fillas na corentena. Teñen que acudir ao posto de traballo. A declaración responsable é para acompañar ao menor con sintomatoloxía ata que se lle realice a proba, non se está en illamento.

Dende as organizacións sindicais indícase que na última versión do protocolo se indica que se convive con alguén sospeitoso de ter COVID non debe ir ao centro.

O inspector xefe remítese para a súa actuación ao Protocolo de DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRENTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA publicado e publicitado na páxina da Consellería de Saúde.

Segundo nos di a Xefa do Servizo de Recursos Humanos os únicos motivos para que ao traballador/a se lle dea unha baixa son por ser positivo ou por ter sido contacto directo cun positivo. Mentres se lle fai unha PCR a un fillo/a poderase non asistir en base á declaración responsable, pero unha vez se teña o resultado, se é negativo, deberá incorporarse ao posto de traballo.